



Polaridades e polarizacións na reforma de Francisco

Pedro Fernández Castelao¹

1.- A tese do estudo

A idea principal que me gustaría desenvolver neste estudo poderíase enunciar así: unha cousa son as polaridades e outra a polarización. Sendo as polaridades –como en breve demostrarei– algo esencial no acontecer do ser humano, na configuración das sociedades e tamén na vida da Igrexa, a polarización é, pola contra, un risco, un perigo, un abismo que hai que evitar.

As polaridades son tensións recíprocas entre realidades contrapostas que, en si mesmas, non son negativas, senón necesarias e ata saudables. Son garantes da riqueza da vida.

As polarizacións, non. As polarizacións son dexeneracións indebidas das polaridades e prodúcense cando un polo da relación se acentúa e torna absoluto ata negar e aniquilar o seu contrario.

O contexto eclesial no que nos situamos é o da reforma do papa Francisco. Como afrontar o perigo da polarización aquí e agora?

Adianto o esencial: non se combate nin se supera a polarización evitando, postergando ou anulando, por medo, a reforma da Igrexa senón, ao contrario, profundando nela segundo o crecemento das árbores, é dicir, cara ás raíces e cara arriba, segundo criterios non aparentes, senón verdadeiramente concordes co Evanxeo de Xesús de Nazaret. Porque, de feito, as polarizacións non se superan con

1 Pedro Fernández Castelao é profesor de Antropoloxía Teolóxica na Universidade Pontificia Comillas de Madrid. É director da Revista *Encrucillada*.